



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 26 DE XULLO DE 2016.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día vinte e seis de xullo de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

**Asiste como Secretaria a do Concello D<sup>a</sup>. Julia M<sup>a</sup>. Carrasco Glez.-Alegre.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (ORD. 12.07.2016)**

---

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 12 de xullo de 2016 ó que responden negativamente os concelleiros presentes na mesma, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes nela.

#### **PUNTO 2.- INSTANCIAS**

---

Lese o escrito RE 4.471 de data 12 de xullo de 2016 presentado por DNA. RAQUEL LOMBA LOMBA, con enderezo na rúa Malteses, nº 8-3º da Guarda, solicitando que arranxen os problemas de auga que se producen no baixo da súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, como sabe xa coñece a solicitante, xirouse visita por parte de persoal municipal e comprobouse que a avaría procede da parte comunitaria do edificio non sendo, polo tanto, competencia municipal o seu arranxo.

Lese o escrito RE 4.650 de data 18 de xullo de 2016 presentado por D. IVAN RODRIGUEZ GONZALEZ, con enderezo na rúa Costa dos Soldados, nº 12 da Guarda, solicitando a colaboración do Concello autorizando a conexión a un punto de luz e prestando un contenedor para a celebración dunha festa no parque do Cancelón.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a súa solicitude posto que o Concello no presta apoio loxístico a festas privadas.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do escrito RE 4.657 de data 18 de xullo de 2016, remitido pola AXENCIA DA PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA, comunicando a incoación de expediente de reposición da legalidade (POL/10/2016-RP1) pola realización de obras abusivas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, no lugar de Praia do Muió a Fontequente, senda de madeira.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

### **PUNTO 3.- ACORDOS**

---

Lese o escrito RE 4.121 de data 29 de xuño de 2016, presentado por CLUBE GIMNASIO DOMAJO, solicitando as instalacións do Estadio de Fútbol Municipal o día 30 de xullo para a realización de "Las noches guardesas del deporte". Asimesmo solicitan colaboración para a instalación de andamios, megafonía e vallas protectoras.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder á autorización para o uso do Estadio o día 29 de xullo de 2016 de 20:00 a 21:30 horas. No resto das peticións se colaborará na medida das posibilidades.

Vistas as bases de subvencións da Deputación Provincial a Concellos da provincia de Pontevedra para a sinalización do patrimonio histórico cultural e a memoria histórica - ano 2016 (BOPPO nº 122 de 28 de xuño de 2016) e,

Vista a memoria descritiva e proxecto para a sinalización do casco histórico fortificado do Concello da Guarda no que se fundamentan e se detallan as actuacións a levar a cabo,

a Xunta de Goberno Local ACORDA por unanimidade dos seus membros solicitar unha subvención ó abeiro destas bases para a realización do proxecto de sinalización do casco histórico fortificado do Concello da Guarda segundo a memoria descritiva presentada.

Lese o escrito RE 4.542 de data 13 de xullo de 2016, presentado por PRC do CLUB AUDISPORT-IBERICA, solicitando o acceso gratuito ó Monte Santa Trega así como reserva de espazo para estacionamento no cumio con motivo da XV Quedada Galega 2016 que se celebrará no Concello de Tomiño.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non cabe acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 4.672 de data 19 de xullo de 2016, presentado por COMISIÓN DE FESTAS DE SAN CAYETANO, solicitando permiso para levar a cabo as tiradas de fogos de artificio revistas para os días 5, 6 e 7 de agosto.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado sen perxuízo de outras autorizacións sectoriais.

Dase conta da orde do 27 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria, para os anos 2016 e 2017, das axudas a investimentos no produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Rede Natura 2000, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda acollerse a esta orde e solicitar unha axuda ó seu abeiro.

Dase conta da Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións aos concellos galegos e ás asociacións de persoas praceiras dos mercados e prazas de abastos para a consecución de mercados de excelencia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda acollerse a esta Orde e e solicitar unha subvención ó seu abeiro.

Con data 24/02/2016 a XGL acordou solicitar a Deputación de Pontevedra axuda o abeiro do Plan Concellos 2016, Liña 1: Investimentos para o proxecto "MOBILIARIO URBAN":

Orzamento do proxecto 27.986,91€ . Subvención solicitada a Deputación de Pontevedra 23.558,72 aportación do Concello 4.428,19€.

Vista a resolución de concesión de subvención por 160.037,50€ para contratación de persoal o abeiro do Plan concellos 2016 Liña 4: Emprego para conservación e funcionamento de Bens e servizos municipais.

Concedida subvención por importe de 9.480,06€ ó Concello da Guarda para a contratación un electricista de mantemento e reparación en xeral a xornada completa durante 9 meses, e tendo en conta que contratación do electricista de mantemento e reparación en xeral foi por 8 meses, producíndose un resto de 1.053,34€, correspondente ós custes de salario e seguridade social.

A Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

- Aprobar a modificación do orzamento do proxecto MOBILIARIO URBAN, que pasa de ser de 27.986,91€ a 24.612,06€
- Aprobar a solicitude de aplicación á liña 1 (Investimentos) do resto de 1.053,34€ da liña 4 .
- Solicitar subvención por importe de 24.612,06€

### **PUNTO 4.- INFORMES**

---

Dase conta do escrito-informe do Asesor xurídico do Concello de data 20 de xullo de 2016 comunicando a sentenza ditada o 30 de xuño de 2016 pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG no recurso de apelación nº 4.127/16 entablado por D. Jaime Perez González e Promomiño 2006, S.L. contra a sentenza de data 29.12.2015 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 12/15 entablado por D. Jaime Perez González e Promomiño 2006, S.L. contra a resolución desestimatoria presunta do Concello da Guardada reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos demandantes na suma de 395.152,48 euros máis intereses, derivados da anulación da licenza de obras concedida o 27.09.2007.



**C O N C E L L O**  
**A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica do 30 de xuño de 2016 e acorda dar traslado da mesma á Oficina Técnica Municipal para a súa constancia no expediente e ó Departamento de Intervención ós efectos oportunos.

Lese o escrito RE. n.º 1.224 de data 25 de febreiro de 2016 presentado por D<sup>a</sup>. M.G.A., con enderezo na rúa Tomiño, n.º 4-3ºE da Guarda solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Tomiño, n.º 4-3ºE.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 4.251 de data 5 de xullo de 2016, presentado por D. I.L.M., con enderezo na rúa Os Bechos, n.º 37 de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Os Bechos, n.º 37.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 4º trimestre do ano 2016 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre de 2017 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Dase conta do escrito-informe do Asesor Xurídico do Concello de data 13 de xullo de 2016 comunicando o decreto ditado o 5 de xullo de 2016 polo Xulgado do Contencioso-administrativo n.º 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo n.º 304/12 entablado por COMUNIDAD HEREDITARIA DE D. IGNACIO ALVAREZ ALVAREZ contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada contra o Concello da Guarda o 19 de outubro de 2007 derivada da anulación de licenza de obras por sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 3 de Pontevedra confirmada en apelación pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG. Dito decreto aproba a tasación de costas a favor da comunidade hereditaria como consecuencia da solicitude de execución de sentenza formulada pola súa representación procesal.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do decreto de 5 de xullo de 2016 que se comunica e acorda dar traslado do mesmo ó órgano competente para que acorde o pago á Comunidade Hereditaria de D. Ignacio Alvarez Alvarez do importe de 474,21€.

*Non habendo máis asuntos que tratar ó sr. Presidente levanta a sesión ás 10:30 horas da que eu, como secretaria, dou fe.*